

CONCURSO DE TRASLADOS EXTERNOS

CCOO solicitou ó SERGAS que, no caso das prazas ofertadas en CAP con turnos desprazables, estas sexan coñecidas con carácter previo á súa elección, especificando de maneira clara e concreta a súa configuración, incluíndo o número exacto de quendas de mañá e de tarde. Así como, nas prazas itinerantes, que indiquen claramente a distribución de xornadas en cada un dos centros onde se prestan os servizos.

Na Mesa Sectorial de hoxe, 3 de xuño, a Administración responde que **este ano non será posible** xa que afectaría á organización da asistencia nos centros.

Neste caso, CCOO insta a retirar a conversión masiva en quendas desprazables proposta pola Área Sanitaria de Ourense.

Ademáis, pedimos que se lle recorde ás Xerencias a obriga de respectar escrupulosamente a orde de puntuación do CAP na elección de prazas dentro dun mesmo centro de saúde, garantindo así a transparencia e equidade do proceso.

Para máis información, acode á túa delegada sindical de CCOO

3 de xuño do 2026